

PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE PROFESORADO SUBSTITUTO ASINADOS NO CURSO 2023/24 SEGUNDO O PROCEDIMENTO PARA CUBRIR TEMPORALMENTE NECESIDADES DOCENTES

Aprobado en Consello de Goberno (30 de abril de 2024)

O procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (https://www.udc.es/es/normativa/profesorado/normativa_acceso/contratados/procedemento_cubrir_docentes_temporalmente/index.html) establece no seu punto Terceiro 2 que "A duración dos contratos efectuados por este procedemento non poderá ser superior á do curso académico no que se efectúe a contratación, con excepción dos contratos que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...), que se extinguirán cando se reincorpore o traballador substituído. Non obstante o anterior, a finalización dun contrato nunca poderá ser posterior á data en que remate o contrato da persoa á que se substitúe".

Ante o novo marco temporal para a implementación da LOSU que establece a Transitoria novena bis, recollida na Disposición Final cuarta do proxecto de Lei pola que se regulan as Ensinanzas Artísticas superiores e se establece a organización e equivalencia das ensinanzas artísticas profesionais, a Universidade da Coruña acorda que:

Os contratos realizados polo citado procedemento durante o curso 2023/24 poderán renovarse para o curso académico 2024/25, sempre que se manteñan as necesidades docentes que os motivaron.

Ante a existencia de necesidades docentes sobrevidas nunha área de coñecemento, e de non existiren prazas convocadas no curso 2024/25 que puidesen xerar as correspondentes listaxes de agarda, poderán utilizarse a estes efectos as resultantes das prazas convocadas no curso 2023/24.

A Coruña